



O RETORNO DOS TROTAMUNDOS

Tras varios anos sen ser levado a cabo, o Equipo de Biblioteca do CPI Armando Cotarelo Valledor quere recuperar o seu club de lectura, para ofrecer ao seu alumnado, tanto de secundaria como do último ciclo de primaria, un incentivo para acercarse á biblioteca do centro e ás oportunidades que esta ofrece para fomentar a lectura en xeral e o a lectura compartida en particular.

- Breve historia

O club comezou a súa andaina en outubro do ano 2011, con dous grupos diferenciados (1º e 2º da ESO por un lado, e 3º e 4º da ESO por outro). As reunións celebráronse cunha periodicidade semanal ou quincenal. As actividades de lectura complementáronse con outras actividades: visita á biblioteca Miguel González Garcés, proxeccións elaboradas en Power Pointo polo alumnado e o profesorado, elaboración dun blog, a visita de Pilar Mingote (voluntaria no cárcere de Teixeiro) e “As chicas” do módulo 10, que nos falan da lectura como unha axuda á reinserción, visionado de vídeos relacionados coas lecturas, participación nas “Xornadas dos clubs de lectura”, Roteiro-Literario de Padrón e Rianxo, “Encontro cos nosos maiores”, Charla-coloquio cun Peliqueiro, Visita ao Museo de Pontevedra, en concreto á sala adicada a Castela, visita do escritor “Carlos Negro”, Roteiro-Mariñeiro pola vila de Muros, elaboración de distintos murais para decorar a biblioteca e corredores do centro, colaboración e intercambio de material e información con outros clubs e elaboración de todo tipo de material impreso que contribuíu a súa divulgación.

A experiencia resultou positiva porque engancho a moitos alumn@s á lectura e abriulles unha fiestra ao mundo mais alá do seu entorno social e cultural.

Deixouse de facer esta actividade durante os cursos 2016/2017 e 2017/2018, debido á marcha de moitos docentes implicados no proxecto.

No curso 2018-2019, en coordinación co Proxecto Lector do centro e a Biblioteca Escolar, recuperouse o club de lectura, xirando este arredor da temática “Un mundo diverso, un mundo mellor”, abordando ao mesmo tempo outras temáticas, para atender ás necesidades e inquedanzas do alumnado participante.

(chegouse a facer algo no curso 2019-2020, antes do COVID)

Por mor da pandemia derivada da COVID-19, o número de actividades e dinamizacións do centro reduciuse drasticamente, e o club de lectura, como moitas outras iniciativas, deixou de facerse.

No presente curso 2023-2024, o obxectivo é recuperalo, tratando de implicar non só ao alumnado de educación secundaria, senon tamén ao do último ciclo de educación primaria. (a elección da temática pódese levar a cabo a través dunha enquisa ou algo así).

- Finalidade e obxectivos

O obxectivo principal deste club de lectura é fomentar o lecer pola lectura entre o noso alumnado, mediante un entorno de distendido e libre de “cualificacións”. Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Proporcionar alternativas de ocio nos tempos de lecer, facilitando a inclusión de todo o alumando no centro.



- Facilitar e potenciar no noso alumando o acceso a lectura.
 - Crear un espazo seguro onde expresarse e sentirse aceptado.
 - Incrementar a posición da biblioteca como un dos eixos de dinamización de actividades pedagóxicas dentro do centro.
 - Fomentar a creatividade e a imaxinación dos membros do club.
- Actividades previstas
- Lecturas en alto de fragmentos breves, elixidas polos participantes do club, das obras que se estean a ler.
 - Seguimento periódico das lecturas que se estean a realizar.
 - Debates e intercambio de opinións sobre as obras, unha vez se rematen.
 - Presentación, en diferentes formatos (dixital, murais...) , a elección do alumnado, de proxectos sobre as obras lidas.
 - Lecturas compartidas coas familias, en xornadas de portas abertas.
 - Visitas a bibliotecas, museos, exposicións... da contorna, especialmente se teñen que ver coas lecturas que estamos a realizar.
- Actividades específicas de impulso á lectura en galego
- Aínda que as obras non formen parte da literatura galega, elixiranse, sempre que sexa posible, edicións traducidas ao galego
 - Os traballos e as presentacións estarán sempre feitas en galego.
- Actividades previstas para estimular a participación de varóns/familias
- Antes de presentar oficialmente o club de lectura, realizouse unha enquisa en todo o centro, para seleccionar a temática na que se vai centrar o club de lectura, para poder ter en conta os intereses de todo o alumnado na elección de temáticas.
 - Este curso 2023-2024, un dos principais obxectivos do Equipo de Biblioteca é aumentar a participación das familias das actividades que se realicen, e o club de lectura non será diferente. Despois dunha sondaxe para coñecer os mellores horarios para facelo, invitarase a tódalas familias que o desexen a participar en xornadas de lectura compartidas.
- Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
- Invitarase persoalmente e de xeito individualizado ao alumnado con NEAE e realizarase un seguimento especial e personalizado para que avance nas lecturas que se realicen.
- Forma de organización e funcionamento



A persoa encargada de cada sesión será Martiño Placer García Rodeja, o orientador do centro. O club de lectura tamén contará co apoio, directo e indirecto, do resto de membros do Equipo de biblioteca.

O grupo traballará normalmente nun espazo da biblioteca habilitado especialmente para iso, de xeito que o resto de alumnos que se atopen na mesma, poidan observar as sesións e teñan a oportunidade de unirse a elas. As liñas básicas de funcionamento do club serán as seguintes:

- Formarase un grupo de primaria e un grupo de secundaria que contarán con sesións propias e lecturas propias, adaptadas á idade e aos e ás participantes.
- Para a selección de lecturas, e despois da sesión inicial, onde se recollerán os intereses e as opinións de tódolos membros de cada grupo, presentaranse diferentes obras, que serán colgadas no espazo virtual privado do club de lectura. A obra que máis votos reciba, será a elixida.
- A biblioteca proporcionará os exemplares aos membros do grupos.
- Tratarase de ler, mínimo, unha obra por trimestre.
- A participación nos debates realizarase mediante Círculos de diálogo, onde o facilitador do círculo irá realizando preguntas que os membros do círculo deberán ir contestando. Previamente, os membros do club poderán propor preguntas, que serán realizadas neste círculo.
- Antes de rematar cada sesión, acordarase ata que punto da lectura se deberá chegar para o seguinte día.

- Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial

As reunións terán lugar de xeito mensual para cada etapa educativa, e separadas de forma quincenal cada unha delas.

- Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade educativa.

- O medio principal de difusión das actividades serán o blog da biblioteca as súas redes sociais. A través de estes canles, iranse anunciando os libros que se leen, as convocatorias das sesións, os proxectos que se fagan... coa finalidade de atraer a máis xente ao longo do curso.
- Así mesmo, realizaranse traballos e presentacións que se colocarán en todo o centro educativo (nos corredores e na entrada do centro) que funcionarán como difusión para o resto da comunidade educativa..
- Tamén se aproveitará a hora semanal de ler para fomentar a lectura dos libros que actualmente se están a ler no club de lectura, para tratar de acercar ao maior número posible de rapaces e rapazas.